

UNHA NOVA MANEIRA DE CONCIBIR O XORNALISMO:
O GALICIA, DIARIO DE VIGO (1922-1926)

Rosa Aneiros Díaz

Xosé López García

Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega

Este artigo forma parte dun amplo traballo de investigación sobre o *Galicia. Diario de Vigo*, o periódico de Vigo creado por Valentín Paz Andrade e cunha breve historia que abrangue desde 1922 ata 1926, ano en que deixou de saír ao non soportar os ataques da ditadura de Primo de Rivera. O traballo foi realizado pola Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega e consta de dúas partes. Por unha parte temos unha base de datos informática que conta con máis de 24 000 fichas de baleirado dos contidos da cabeceira. Esta base foi elaborada ao longo de ano e medio por catro investigadores (Montserrat Calvo, Fernando Redondo, Marta Pérez e Rosa Aneiros). Xunto a isto creouse un volume de estudos críticos en que o persoal investigador abordou cuestións específicas do periódico (xéneros, deseño, liña editorial ou temáticas, entre outros) e diferentes expertos analizaron cuestións de relevo como as institucións políticas, a emigración ou a economía da Galicia do momento. Neste artigo abordaremos especificamente a cuestión dos xéneros no *Galicia*, aspecto clave para entender a modernidade e progresismo que achegou esta cabeceira ao mercado mediático do momento. Un forte pulo dos modelos informativos, as numerosas correspondencias repartidas polo país e o establecemento dunha clara liña de opinión con vistas a establecer un estado de opinión crítica na cidadanía serán algúns dos puntos clave do éxito do periódico, que entra no modelo mercantil da man da masiva presenza de publicidade.

1 O PERIODISMO EN GALICIA NOS ANOS VINTE

Foi un 25 de xullo de 1922. Aquel «Día de Galicia» o panorama periodístico do país recuperou unha cabeceira, *Galicia*, que xa aparecera con anterioridade en publicacións editadas en

distintos puntos da xeografía galega e americana (Bos Aires, A Coruña, Ferrol e A Habana) e facíao para incorporar un novo produto periodístico con aires anovadores e vangardistas. O seu nacemento supuxo un paso adiante no proxecto de modernidade que o galeguismo defendía nun momento en que a maioría dos medios de comunicación existentes apenas realizaban intentos de innovación periodística.

Nun escenario de inestabilidade política ao fin da Gran guerra, que favoreceu o golpe de estado do xeneral Primo de Rivera (13 de setembro de 1923), e de crise económica mundial, boa parte da prensa vivía moi marcada polo modelo herdado do século anterior, o do periodismo ideolóxico (os vellos partidos mantiñan artificialmente as cabeceiras). Esa prensa comezaba a dar síntomas de cambio cara a un modelo de periódico claramente mercantil e de información xeral. A denominada modernización estaba dando pasos firmes para asentir os produtos do periodismo informativo. María Cruz Seoane e María Dolores Sáiz resumen á perfección este novo estadio da prensa en España¹:

En el primer tercio del siglo XX la prensa española continúa el proceso, iniciado en el último cuarto del XIX, de conversión desde el modelo de periódico de opinión, de predominio ideológico, dependiente de partidos, movimientos o personalidades políticas, al de periódico de empresa, concebida como un negocio, sostenida por el lector y el anunciante y con una variedad temática de carácter enciclopédico que pretende satisfacer los más diversos intereses de los lectores. Unos lectores cada vez más numerosos, a medida que la sociedad española se transforma en una sociedad de masas, como consecuencia del proceso de industrialización, concentración urbana y alfabetización tardío, lento, desigual pero inequívoco. En este contexto, la prensa, todavía sin la competencia de otros medios –la radio, nacida en los años de la Dictadura de Primo de Rivera, no llegará a adquirir importancia informativa hasta la República–, es el medio hegemónico de la comunicación social.

1. Seoane, María Cruz e Sáiz, María Dolores: *Historia del periodismo en España. 3. El siglo XX: 1898-1936*. Madrid: Alianza Universidad Textos, 1996.

Ya a finales del XIX Unamuno y Maeztu daban por concluida la época del «periódico evangelizador» y constataban la aparición en la prensa del factory system. La revista *España* comentaba en 1917: «La prensa española no podía ser una excepción dentro de una regla universal y a la postre, si bien tardíamente, ha comenzado a dejarse invadir por el capitalismo».

A prensa galega non escapaba a esta tendencia. A «cultura rebeldía crítica» que para o xornal *Galicia* reclamaba Antonio Villar Ponte tiña un exemplo en Madrid: *El Sol*. Esta cabeceira de centro-esquerda, na que participaban coñecidos intelectuais, era un dos faros do novo periodismo do momento. Incorporaba novidades periodísticas da prensa norteamericana e das principais cabeceiras europeas, que aplicaron axiña as tecnoloxías coetáneas (telégrafo e as novas máquinas nos obradoiros).

O cambio estaba chegando aos diarios da man de titulares máis informativos (menos indicativos), compaxinación máis variada ou o uso de coidados debuxos e axiña de fotos. A busca dun modelo máis informativo animaba cambios nos contidos e na presentación formal para conseguir o interese dos sectores da sociedade máis cultos e interesados en coñecer o que acontecía non só no contorno inmediato, senón no mundo.

O ano en que naceu o *Galicia* a prensa do finisterrae peninsular xa adquirira a maioría de idade e a súa consolidación nas cidades resultaba evidente. Algunha das cabeceiras actuais xa tiña a súa historia (*Faro de Vigo*, 1853; *El Correo Gallego*, 1878; *La Voz de Galicia*, 1882; *El Progreso*, 1908; *La Región*, 1910; *El Ideal Gallego*, 1917) e todas tentaban ocupar un espazo informativo nos respectivos ámbitos locais. Facíanlo cando cada ano en Galicia aparecían arredor de vinte ou trinta títulos e cando se producía o desenvolvemento dos periódicos de información xeral en detrimento dos de información política.

Con todo, o momento histórico da prensa galega á altura dos anos vinte non era do máis alentador. Xosé Ramón Barreiro Fernández, quen recolle datos ofrecidos polo profesor Palomares

Ibáñez con respecto á prensa galega e española no período 1913-1927, indica que «la situación no sólo no mejoró sino que empeoró a la altura de los años veinte ya que tenemos que en Galicia únicamente hay 95 periódicos por 2.210 del resto de España»². Deste cento de medios impresos, o catedrático Barreiro Fernández salienta que os máis importantes do momento en Galicia, segundo a súa tiraxe, eran *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* (entre 12000 e 15000 exemplares), *Galicia* (12 000 exemplares), *El Ideal Gallego* (entre 6000 e 10000 exemplares), *El Noroeste* (entre 6000 e 7000 exemplares) e, finalmente, *El Correo Gallego* (6000 exemplares). Neste contexto comprendemos a importancia do *Galicia*, terceiro en difusión do seu tempo, que renovou na forma e nos contidos o mercado mediático daquel entón. «Frente a *El Pueblo Gallego* de Portela Valladares y *Faro de Vigo*, los dos importantes diarios vigueses, surge *Galicia* como alternativa liberal y democrática desarrollada muy activamente a pesar de su corta vida»³ indica a entrada da *Gran Enciclopedia Gallega*, ao que engaden Seoane e Sáiz: «Pero la empresa más ambiciosa del nacionalismo, “nunca superada por el galleguismo hasta hoy”, según Beramendi, fue la fundación en Vigo del diario *Galicia*, dirigido por Valentín Paz Andrade, que se publicó desde el 25 de julio de 1922 hasta 1926 en que desapareció por la persecución gubernamental de la dictadura»⁴. O *Galicia* bebe da modernidade da cabeceira madrileña *El Sol*, periódico que deixou un selo claro na cabeceira viguesa en contidos e deseño, e tamén de *El Noroeste*, periódico coruñés no que Paz Andrade iniciara os seus pasos no xornalismo.

A través do decorrer do «diario de Vigo», intuímos os condicionantes históricos que marcaron a súa traxectoria profesional. Así, o *Galicia* escolleu para saír á rúa unha data significativa, o 25 de xullo, día que coincide coa celebración do Día de Galicia. Así mesmo, ao instaurarse a ditadura de Primo de Rivera, no mes de setembro do ano 1923, o periódico sufriu innumerables dificultades.

2. Barreiro Fernández, X. R.: «A prensa galega na idade contemporánea», en *Galicia. Historia*. Tomo VI. A Coruña: Hércules Edicións.

3. Entrada «Paz Andrade, Valentín», en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, 1974, p. 90.

4. Seoane, M. C. e Sáiz, M. D.: *op. cit.*

des que se concentrarian nunha total falta de liberdade de expresión e que desembocaron na suspensión gubernativa do 24 de decembro de 1925. Aínda que volveu renacer, o *Galicia*, que non conseguiría superar unha serie de problemas económicos, desapareceu definitivamente o 15 de setembro do 1926.

2 XÉNESE E CARACTERÍSTICAS DO *GALICIA*

Para entender a xénese do *Galicia* cómpre ter en conta que o periódico estaba alentado economicamente por Ernesto de Cádiz Vargas, cónsul honorario de Chile na Coruña e representante do fertilizante agrícola Nitrato de Chile, o que explica o peso da información americana na cabeceira. Segundo relata Juan Naya, bibliotecario da RAG e prologuista da edición facsimilar de Edicións do Castro:

V.P.A. que era un excelente economista, había intimado con don Ernesto y sugirió a este que la mejor propaganda que pudiera hacerse del Nitrato sería aquella que resultase de un medio propio del anunciante, esto es un periódico que vendría a suponer un desembolso de coste aproximado a lo investido en anuncios. Esto da idea del volumen de dinero que don Ernesto empleaba y también del gasto que se necesitaba para poner en circulación un diario.

Ao pulo económico do diplomático é necesario sumar a entrada masiva de publicidade, a venda directa e as subscricións para entender o seu financiamento. No terreo ideolóxico, a publicación defendeu a autonomía política galega dentro do xogo democrático, así como a causa das liberdades e das reivindicacións políticas, sociais, económicas e culturais. Ramón Piñeiro⁵ chegou a sinalar con respecto á aparición da cabeceira que

cómpre reparar na importancia deste feito por se tratar dun dos acontecementos verdadeiramente importantes no gran esforzo anovador que o galeguismo levou a cabo nos comezos do século XX.

5. Piñeiro, Ramón: «Presencia de Valentín Paz Andrade no galeguismo», en VV.AA.: *Paz Andrade. Homenaje. Academia Galega das Ciencias*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 1991, p. 90.

Partindo da creación das Irmandades da Fala en maio de 1916, que abriron un horizonte novo no proceso recuperador da autoconciencia galega, fóronse producindo iniciativas fundamentais encamiñadas á procura e realización dunha Galicia nova, tales como o movemento nacionalista en 1918, a revista *Nós* en 1920, o xornal *Galicia* en 1922, o Seminario de Estudos Galegos en 1923, a editorial *Nós*, etc.

No referente á lingua, a presenza da lingua galega no *Galicia* é testemuñal con respecto ao castelán se o miramos desde o punto de vista estritamente cuantitativo. Non obstante, percíbese unha sensibilidade especial co noso idioma non só pola incorporación de importantes plumas galeguistas do momento (entre eles, Méndez, Cebreiro, Manuel Antonio, Losada Diéguez ou Bouza Brey) senón tamén pola introdución de frases textuais en galego nas informacións realizadas en castelán se así foron ditas polas fontes.

Desde o punto de vista técnico, era un periódico de doado manexo e innovador con claras arelas de modernidade, pretensión que se viu favorecida coa contratación de noticias da axencia Febus e que se pon de manifesto no editorial do primeiro número, asinado polo propio director, Paz Andrade:

Queremos ofrecer al público un nuevo tipo de publicación diaria, que venga a ser como una viva síntesis informativa de cuanto deba proponerse al alcance de conocimiento popular, y a la par, una tribuna abierta a todas las nobles pugnas ideales donde los mantenedores solventes de pensamientos y opiniones, han de ser acogidos con igual trato de libertad y cortesía⁶.

O xornal amosou desde sempre unha vocación europeísta, unha confección coidada e os temas recibían un tratamento en profundidade. A opinión era vibrante, decidida e comprometida co receptor.

6. Editorial do *Galicia* datado o 25 de xullo de 1922.

Convén referirse tamén ao equipo humano como outro dos grandes baluartes do *Galicia*. Aquí cómpre sinalar, xunto co director, Valentín Paz Andrade, un importante grupo de ilustres da época como Rafael Dieste, Díez de la Isla, Lago Fontán, Manuel Lustres Rivas, Manuel Antonio, Roberto Blanco Torres, Villar Ponte, Vicente Risco ou Otero Pedrayo, ademais dos caricaturistas Cebreiro, Méndez e, por suposto, nun lugar salientable, Castelao. O esforzo de todos eles contribuíu a facer do *Galicia* unha cabeceira moderna en contido e en forma, unha auténtica referencia para xornais que o sucederían ao longo da historia do xornalismo en Galicia, unha historia que acaba de cumprir o seu segundo centenario de existencia e da que hoxe somos testemuñas.

3 O GALICIA. UN MODELO XORNALÍSTICO PROPIO

Paz Andrade define os obxectivos da recentemente creada cabeceira como de:

defensa dos intereses galegos e rehabilitación da personalidade da nosa Terra e, como *modus operandi*, a campaña constante prol das reivindicacións de un pobo socio-economicamente deprimido que ten dereito ao seu reflotamento. [Ademais, pretendía] dar énfase, na esfera exterior as relacións con Portugal e con as republicas ibero-americanas. As que tiñan compoñente migratorio, en primeiro termo (208).

Este ideario foi levado á práctica á perfección no seu modelo de xornal, onde o propio Paz Andrade advirte a influencia de xornais europeos:

logo nos decatamos dos elementos dominantes na estrutura de un xornal moderno. Das dúas pezas clave para gañar lectores. Non hai dúbida que o editorial fixo -un ou máis cada día- é unha. A quen lee gústalle recibir preformada unha opinión idónea a soste sobre os acontecementos ao ritmo con que van sucedendo. Esta obriga compriase baixo unha rúbrica xeral, «Los hechos y los días». A tradición de tal obriga non tiña antecedentes en Galiza. Fundada por *The Times*, de Londres, seguida por *Le Temps*, de París, fora introducida

recentemente en España por *El Sol*. Outro factor clave, tanto para apañar audiencia como para reteñela tiña de ser a caricatura. Logo nos decatamos de que, dentro da estrutura de un periódico moderno, a caricatura funciona como contrapunto editorial (212).

Se o editorial e a caricatura, asinada por Castelao e outras importantes rúbricas do momento, son os baluartes do xornal, non é menos certo que todos os contidos teñen un compoñente de identidade moi definido e marcado que farán do *Galicia* un xornal propio. As campañas iniciadas pola cabeceira como actor social que se implica nos problemas que o circundan; as subscricións de axuda para vítimas de desastres levadas a cabo na propia sede da empresa; o forte peso da opinión ou o elevado nivel de interactividade cos lectores son algunhas das características que o definen e nos levan a presentalo como un modelo de xornal moderno e avanzado no primeiro cuarto do século xx. Tal e como se definen no editorial do 25 de xullo de 1924:

Todo buen diario debe tener un alma propia y un estilo propio. Su cachet original. Y este es el caso del *Galicia*. Y no otro el secreto de sus envidiables éxitos.

4 A OBTENCIÓN DA INFORMACIÓN

Como xa se nomeou anteriormente, o equipo de redacción e de colaboradores resulta un dos piares básicos da renovación de contidos e enfoques que supuxo a cabeceira viguesa no mercado mediático galego. A modernidade e pulcritude de estilo das plumas convidadas na opinión e a concisión das noticias que nos leva a unha mensaxe case telegráfica que facilita a lectura (antecedente dun xénero máis próximo á radio acabada de nacer que ao periodismo discursivo do século precedente) servirán de plataforma de renovación da prensa imperante. A obtención da información a través de novos canais que priman a presenza do periodista no lugar dos feitos (correspondentes que cobren gran parte da xeografía galega: Santiago, Pontevedra, Ferrol, Moaña, Vilagarcía,

O Porriño, Caldas de Reis ou Lalín, entre outras vilas galegas) e as voces dos protagonistas no propio texto únense co uso das novas axencias de información como a madrileña Febus.

O *Galicia* centra prioritariamente os seus contidos na zona de influencia da cidade de Vigo e, en orden decrecente de importancia, Galicia, España, Portugal, América e Europa. As canles de transmisión polas que as fontes subministran información directa son o telégrafo e, en menor medida, o teléfono. A cabeceira viguesa recolle tamén moitos dos seus contidos informativos doutros medios periodísticos, ben daqueles que lle causan especial admiración como *El Sol* (Madrid), a revista *América Galicia* (do seu propio prelo e propiedade de don Ernesto de Cádiz Vargas) ou a revista *Nós*, ou ben doutras publicacións como *La Zarpa* (Ourense), *El Imparcial* (Madrid), *ABC* (Madrid), *Vida nueva* (Madrid) ou a oficial *Gaceta* e incluso daquela prensa «inimiga» ou, o que é o mesmo, «o decano», en referencia clara a *Faro de Vigo*. Neste caso debemos citar subseccións como «Con permiso», «Revistas» ou «Humor ajeno» nas que o xornal reproduce textos e viñetas publicadas xa en medios alleos. Fóra do propio proceso mecánico de transmisión, estas son as fontes que subministran información ao periódico:

Descartada a axencia madrileña «Mencheta», empregada polo *Faro de Vigo* e «anacrónica» segundo Paz Andrade, recorren aos servizos da axencia Febus, subministradora de información do rotativo madrileño *El Sol*. Toda a información da sección «De España y del Extranjero» e «Últimos telefonemas» é facilitada por ela, o que para o *Galicia* supón motivo de constante congratulación polos adiantos informativos e rigor xornalístico que amosa. A firma destas informacións aparece baixo a propia cabeceira da sección «De España y del Extranjero. Información general telegráfica y telefónica de la Agencia Febus».

Cómpre sinalar tamén a presenza dos propios protagonistas da noticia ou denunciante dun problema que afecta á cidadanía como fontes da información. Adoitan aparecer noticias froito de cartas ou a propia visita de grupos sociais ao xornal, sindicatos

ou conxunto de afectados por un problema para denunciar a súa situación e pedir axuda aos responsables públicos ou apelar á solidariedade cidadá. O xornal infórmanos mesmo das felicitacións recibidas na cabeceira polas informacións dadas. Debemos salientar, ademais, o apartado «Quejas del público» (localizado en portada ou contraportada), no que os cidadáns tratan temas relativos á precariedade ou ao mal funcionamento de servizos cotiáns como o da auga ou o da luz e incluso relacionados co comportamento cívico. A alta interactividade do xornal cos seus lectores queda patente tamén nas «Cartas ao Director», na reprodución textual de comunicados de xuntas ou colectivos con especial repercusión social e na resposta que os propios cidadáns amosan ás campañas iniciadas pola cabeceira (subscricións, concursos).

Debemos indicar que tamén a «rumoroloxía» é unha «fonte» que adoita ser empregada no *Galicia*, especialmente aquela de carácter político para a que recollen información nos ruxerruxe dos corredores do Congreso dos Deputados.

5 A CONSTRUCCIÓN TEXTUAL: O AUXE DOS XÉNEROS INFORMATIVOS

A información do *Galicia* estrutúrase en seis páxinas orixinais (que posteriormente serían ampliadas), que podemos considerar como grandes seccións e dentro das cales irían outras «subseccións» de menor entidade. A localización habitual da información amósanos a importancia que esta cabeceira outorga á información local de Vigo e á de Galicia, así como a información de sociedade e de servizos⁷.

7. Estructuración por páxinas do xornal:

Páxina 1: Portada. Prima a información local de Vigo, información militar, Portugal, sociedade, América, caricaturas e case toda a opinión do xornal.

Páxina 2 e 3: «Actualidades gallegas». Información das principais vilas galegas, entre elas Santiago, Pontevedra, Vilagarcía e A Coruña. Ademais aparece a cotización bolsista, publicidade económica, o folletín literario e opinión.

Páxina 4: «Servizos marítimos». Publicidade de compañías navieiras, predición metereolóxica e entradas e saídas do porto de Vigo.

Páxina 5: «De España y del Extranjero». Información do Estado Español e Europa.

Páxina 6: Crítica de arte escénica, crónica deportiva, servizos e última hora.

No que respecta aos xéneros, aqueles que identificamos no *Galicia* non sempre poden ser entendidos facilmente como tales segundo a óptica actual. Isto implica que a nosa nomenclatura resulta máis comprensible desde unha perspectiva histórica. Con todo, trátase de modalidades expresivas con trazos básicos que as definen e caracterizan como formas de conformación textual.

A información toma corpo en catro variantes: noticia, interviú, reportaxe e crónica.

Noticia: É o xénero predominante no periódico. A cantidade de informacións na páxina é moi variable pero, polo xeral, hai gran cantidade de breves, especialmente naquelas noticias que chegan de axencia. A información, moi concisa, é de tipo telegráfico, o que amosa a influencia da radio acabada de nacer. Non obstante, non podemos falar de información estrita, é dicir, que responda unicamente aos cinco topois básicos (que, quen, cando, como e onde), xa que a opinión adoita introducirse en maior ou menor medida nas noticias. Ademais, resulta de interese salientar que, en ocasións, o periódico se implica na narración dos feitos por medio dun nosoutros maxestático como exemplo clave dun modelo de periodismo directamente implicado na realidade social.

A presentación das noticias deriva en dúas variantes de presentación visual:

A. Titular con indicativo da subsección e corpo da noticia dividido por múltiples ladiños en negra que serven de separación visual e de guía de lectura. Decote son indicativos.

B. Titular con indicativo da subsección e numerosos epígrafes en negra que resumen os contidos de toda a información seguinte. É habitual que a estrutura interna da narración informativa responda a un relato cronolóxico dos acontecementos, especialmente naqueles relativos á vida local de Vigo e aos sucesos. A estrutura de pirámide invertida para a presentación da información resulta unha constante naquela subministrada por axencia debido aos condicionantes técnicos impostos polas canles de transmisión. Esta característica resulta especialmente notable no caso da información censurada.

Reportaxe ou noticia reportaxeada. Como acontecía no caso das noticias, non pode deixar de contemplarse como un xénero

que non aparece de forma pura. Poderíamos considerar reportaxes aquelas informacións de certa importancia, con continuidade temporal, un tanto máis extensas que as noticias e onde hai multiplicidade de fontes obtidas por diversas canles. Exemplos interesantes deste tipo son o naufraxio do transatlántico Hammonia (ano 22), os sucesos de Guillarei e Tui, a chegada de Alvear a Vigo (ano 22), as festas do Santo Cristo en Vigo ou o ensino oficial en Vigo (30/09/23), que, polas súas dimensións e polas fontes consultadas poden considerarse como tales. Mesmo, en ocasións, son presentadas baixo o epígrafe «El reportaje del día» ou «El Reportaje de Galicia». Este é o epígrafe dunha información que puidemos observar do 30 de maio de 1926 na que, asinada polo propio Valentín Paz Andrade, aparece unha reportaxe en portada a case toda páxina sobre o pintor galego Antonio Fernández Gómez. No texto, o director analiza a vida e a obra do artista e introduce citas textuais do protagonista en lingua galega.

Interviú: Este xénero, escasísimo no *Galicia*, adoita aparecer na súa variante indirecta, é dicir, como reportaxe de citas en que o redactor escribe a información e introduce entre comiñas ou en cursiva as respostas dadas polo entrevistado. Pero tamén observamos, en ocasións, entrevistas estruturadas arredor de pregunta-resposta na súa vertente máis actual. Así, cóstanos a presenza da primeira interviú (tal e como na época se denomina) no *Galicia* realizada ao músico Manuel Quiroga, que inclúe unha caricatura do artista realizada por Méndez e diferentes ladiños no corpo do texto que separan as distintas temáticas abordadas na conversación (03/11/22), ou o fragmento dunha interviú a Millán Astray realizada por un xornalista madrileño (17/11/22). Unha última variante témola nas transcricións unicamente das respostas do entrevistado sen ningún tipo de indicación do periodista: «Basilio Álvarez habla de las elecciones en Orense»: (Entrevista asinada na que se pregunta a Basilio Álvarez sobre o resultado das eleccións en Galicia. A estrutura é a seguinte: unha entrada de situación, na que se conta que o líder agrario está en Vigo, e o corpo da entrevista na que non hai pregunta-resposta, senón que a única voz que se transcribe é a do entrevistado, que fala en primeira persoa). Como cues-

ción cómica, aínda que puramente anecdótica, citamos o «Mano a mano con el chimpancé “Charlot”» (27/05/23), unha entrevista sacada dun xornal de Santander, efectuada por Ezequiel de Las Cuevas, na que se inventan as respostas do chimpancé Charlot, que actúa en Vigo no teatro Tamberlick. A entrevista conclúe dicindo, en boca do animal: «Abur, despreciable periodista».

Crónica: Este xénero está presente para tratar varias temáticas, entre elas, deportes, bolsa, xuízos, sesións do Consello de Ministros, Concello de Vigo ou Congreso dos Deputados e, finalmente, viaxes. A sección «Ecos Deportivos» presenta crónicas deportivas en que se comentan, fundamentalmente, encontros futbolísticos da man de T. Arnold. A «Crónica bolsista» aparece semanalmente durante certo tempo cunha análise económica do último período. Das crónicas de viaxes podemos destacar como exemplo a serie «Dietario dun emigrante» asinado por Lustres Rivas (ano 1924), que relata as súas peripecias americanas durante a súa estancia no Brasil e Arxentina. No caso das crónicas políticas atopamos o seguimento informativo dos plenos no Concello de Vigo e as sesións no Congreso dos Deputados en Madrid. Caracterízanse pola reprodución do ambiente da sala, comentarios dos distintos políticos aos xornalistas e intervencións realizadas polos edís ou as súas señorías. Finalmente, citamos a vertente das crónicas xudiciais, nas que o xornal recolle a declaración dos imputados nun xuízo e mesmo o clima do proceso. Como exemplo máis significativo temos o caso do proceso pola morte de Eduardo Dato (outono do 1923), que, pola súa importancia, presenta unha continuidade temporal diaria. As «Crónicas de Caramiñas» asinadas en Arousa contan con características específicas e, ademais de recoller o ambiente da vila, introducen moita opinión.

A opinión resulta un piar fundamental. Articulada arredor do humor gráfico, crítica (arte, literatura), artigo de opinión e editorial, congrega as plumas máis prestixiosas do momento para facer da portada do xornal un foro de ideas progresistas, renovadoras e vibrantes.

Editorial: O director, Valentín Paz Andrade, dicía que hai tres elementos fundamentais na composición dun periódico diario:

o editorial, a caricatura e o artigo humorístico. O director afirmaba do primeiro que:

Penso que un diario que renuncia a el, renuncia á maior potencialidade de opinión que está implícita na publicación dun periódico. O editorial cumpre unha misión de que a xente non se dá conta. Subministrar a opinión que sobre os sucesos políticos pode soste por conta própria o resto do día. Hai aí unha especie de economía do pensar que serve aos que non soen pensar, que son, desgraciadamente, moitos. Cando se acostuman á literatura dun xornalista rematan por pensar coma el, e iso é moito mellor que non pensar nada, porque se o xornalista ten criterio, e sabe o que é o seu oficio e ten altura, sempre lle infundirá ideas progresivas, liberais e de acordo coa indole do xornal⁸.

Segundo esta máxima, os editoriais do *Galicia* son totalmente indicativos das opinións do xornal sobre temas de actualidade e non sempre aparecen agochados tras o anonimato da redacción, senón que van asinados por membros do equipo. Diferénciase do resto da información de portada porque sempre vai na marxe superior esquerda e, normalmente, destacada por un recadro.

Artigo de opinión: Son moi numerosos, adoitan aparecer en portada e normalmente van asinados por redactores ou por algú dos múltiples colaboradores da cabeceira citados anteriormente. Tratan temas de actualidade política, asuntos locais e, fundamentalmente, defensa dos intereses de Vigo e Galicia.

Humor gráfico: Base, segundo Paz Andrade, do éxito dun xornal, ten un importante peso na cabeceira viguesa da man de artistas como Cebreiro, Méndez ou Castelao.

Crítica de arte: As críticas de obras teatrais e outros espectáculos nos locais de Vigo (Odeón, Tamberlick, Pinacho, Café Español, Royalty ou Maxim's) abundan na contraportada do xornal. Normalmente conteñen un carácter máis descritivo da obra que propiamente crítico e van destinadas a animar o lector a pre-

8. Fragmento da entrevista a Paz Andrade realizada por Gustavo Luca de Tena e Xan Carballa publicada en *A Nosa Terra* o 22 de maio de 1987.

senciala por si mesmo. A crítica de obras literarias é moito máis numerosa e variada e preséntase maiormente nas páxinas dos «Domingos Literarios».

6 A INFORMACIÓN DE SERVIZOS

Se dividimos os contidos da cabeceira segundo os apartados: publicidade, información e servizos, dámonos de conta da importancia destes últimos no volume do espazo total. Son moitas as subseccións fixas dedicadas a servizos que responden a moi diversas necesidades dos lectores do *Galicia*, entre elas, «Cotizaciones del pescado» (prezos na lonxa de Vigo ou Marín); «Movimiento del puerto» (entradas e saídas de barcos do porto de Vigo), «Horario de trenes», «Vapores de pasaje de Vigo a Moaña y Cangas», «El Tiempo», «Gaceta financiera», «Boletín oficial de la Provincia», «Oficinas y servicios públicos», «Lotería nacional» ou «Automóviles de línea». Esta presenza compréndese desde o punto de vista dun público urbano cunha crecente demanda de transportes e información de organismos públicos, así como das pasaxes para América (recordemos que Vigo era o principal porto de saída do Estado Español cara a destinos como Bos Aires ou Montevideo). A esta información cómpre sumar, ademais, os espazos publicitarios incluídos polas distintas empresas de servizos que converten o *Galicia* nun auténtico escaparate da febril actividade comercial da Cidade Olívica.

7 IMPLICACIÓN DO XORNAL NA VIDA SOCIAL E POLÍTICA. AS CAMPAÑAS DO GALICIA

A defensa dos intereses do país provoca que o *Galicia* emprenda numerosas campañas «propias» por causas sociais ou políticas que considera dignas de atención e protesta. Neste sentido, entendemos que non só funciona como voceiro de demandas da sociedade senón como actor social que inicia accións que logo serán secundadas pola cidadanía. Exemplos abundan: o caso dos orzamentos do porto de Vigo, no que o xornal protesta porque a cantidade destinada considérase irrisoria (outubro do 22), a fin da guerra de Marrocos (outubro do 23) ou a demanda do retorno do

Batallón de Murcia instalado en Xauen (África). Neste último caso, o xornal non só se implicou na petición senón que participou como elemento activo nas demandas da cidadanía. Ademais de seren os primeiros en dar a noticia (orgullo polo que disputarán co *Faro de Vigo*) e encher as rúas viguesas de carteis, contaban con datos dos que carecían os propios implicados e incitaban os políticos a se pronunciar ao respecto e facer as dilixencias oportunas. Reproducimos a denuncia que fan da actuación do «decano»:

Galicia ha sido el primer diario vigués que sirvió al público la gratisima nueva, fijando carteles en los vitrales de Las Colonias y del Nuevo Café. Y ocurrió que el otro periódico matinal, a los pocos minutos de haberse fijado los carteles de *Galicia*, colocó uno en el Casino; pero tan poco hábil fue en la apropiación de una noticia que a la hora aquella no tenía que copió textualmente nuestra información. Esta copia textual es una acusación rotunda para el rotiplano, pues se da el caso de que una noticia que nos es comunicada a viva voz la presenta como suya, redactada con las mismas palabras y dispuestas estas en el mismo orden que nosotros. Como se ve, el periódico matinal no repara en medios para aparentar una información que no posee y llega hasta el punto de aprovechar una noticia exclusivamente nuestra y que el no podía poseer en aquellos instantes para darla como suya. Siga el diario matinal esta táctica, propia de publicaciones de ínfima categoría y de absoluta insolvencia, que nosotros no hemos de oponernos a que la emplee aunque en cada caso recabemos lo que es nuestro, como lo hacemos en este. (6/10/22)

Fóra destas campañas cómpre citar o caso das subscricións populares. Cando unha traxedia afecta a algunha familia viguesa (incendio, naufraxio de pesqueiros ou derrubes) o *Galicia* organiza subscricións económicas para reclamar doadores que queiran axudar as vítimas. En ocasións, a propia recadación monetaria faise na sede do xornal e adoita publicar os nomes dos benfeitores na portada. Ese caso, común na prensa do século XIX e tamén na de inicios do século XX, non deixa de ser rechamante e indicativo da vontade da cabeceira de implicación na vida da cidade viguesa.

8 A CENSURA: COMO SE FILTRABA A INFORMACIÓN.
A FIN DO GALICIA

A censura é un factor, poderíámolo denominar como *ruído* no proceso comunicativo, que afecta á publicación viguesa desde o seu nacemento, se ben se acentuaría coa chegada da ditadura en setembro do ano 1923. As sucesivas folgas e o ambiente de crispación no eido da política e economía estatais provocaron altercados que foron censurados xa que así son cualificadas as informacións publicadas polo *Galicia*. A censura exercíase incluso no sistema telefónico, o que imposibilitaba que os correspondentes da axencia madrileña Febus puidesen remitir a información completa. Este factor provoca alteracións na propia redacción das noticias. Aquelas que escaparon ás tesoiras do lapis vermello aparecen nesgadas con indicativos tipográficos que reflicten os problemas para lograr os datos completos (por exemplo, puntos suspensivos) ou aparecen escritas en clave irónica para evitar censuras. Podemos citar como exemplos o caso do conflito laboral de Correos en agosto de 1922, no que, tras anacos de informacións inconexas, engaden unha Nota da Redacción na que indican: «La censura ha sido tan rigurosa que durante varios minutos se nos ha cortado la comunicación, no obstante habernos anunciado nuestro corresponsal en la Corte que tenía sobre este tema, que constituye el asunto del día, una extensa información».

A chegada da ditadura de Primo de Rivera e a implantación do Directorio Militar suporían un duro golpe para o *Galicia*. Se ben o xornal se amosa certamente partidario de accións concretas contra o caciquismo imperante e contra a denominada «vella política» que causara estragos na política e economía española, tamén é certo que a cada vez máis férrea censura informativa enche de desánimo a redacción do xornal. A prohibición resulta moi estrita e non tardaría en imporse a censura previa. Así, no extremo superior da portada da cabeceira lemos o indicativo «Este número ha sido visado por la censura militar». Se ao principio e ante a incer-

teza do novo sistema político a redacción do *Galicia* foi moi prevenida nos temas publicados, axiña comezaron a escribir artigos máis comprometidos, moitos dos cales serían censurados polo Goberno Militar.

O *Galicia* viviu durante longos meses unha persecución continua con suspensións de varios días, múltiples censuras e o propio encarceramento do seu director, Valentín Paz Andrade. A finais de 1925 salváronse do peche por unha visita do director a Madrid pero no ano 1926 sería imposible evitar a orde de suspensión indefinida. Valentín Paz Andrade lembra: «Desde o 14 de setembro de 1923 a mediados do mesmo mes de 1926 o *Galicia* foi un fenómeno de resistencia do galeguismo e da democracia (...) Penso que constituiu unha lección exemplar na historia das liberdades e do espírito galegos» (224).

Non só iso. Ademais da «lección exemplar na historia das liberdades» o *Galicia* puxo os piares para unha transformación na maneira de concibir o xornalismo. Do máis puramente ideolóxico de tipo partidista herdado do século XIX pásase a un xornal moderno, implicado e mesmo promotor de causas sociais, de corte comercial e entregado á realidade máis achegada. Defensor dos intereses de Vigo e Galicia por riba de toda causa, este diario amosa unha visión crítica da política estatal e, no plano internacional, unha leve ollada da situación europea xunto a unha dedicación especial aos asuntos americanos. Esta evidente desigualdade de atencións vai directamente relacionada cos intereses económicos da cidade. A súa implicación coa cidadanía maniféstase, ademais, coa especial atención ao sector servizos e as continuas subscricións populares. A entrada de publicidade, venda directa e por subscrición fan deste xornal un modelo comercial afastado do financiamento directo dun partido político ou particular.

Toda esta «innovación xornalística» resultaría incomprendible sen un cambio na maneira de contar. Titulares indicativos, mensaxes telegráficas claramente influenciadas pola radio acabada

de nacer e polas axencias, auxe dos artigos de opinión, relato cronolóxico dos feitos que deixa paso lentamente á estrutura de pirámide invertida, presenza do xornalista no lugar dos sucesos e inclusión do nós maxestático na construción textual reflicten unha maneira de facer xornalismo que non acaba de perder a pel vella das cabeceiras decimonónicas pero que camiña irremediabilmente cara a un modelo máis informativo e comercial que se asentará no século xx.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARMENTIA, Ignacio: *Las nuevas tendencias en el diseño de la prensa*, Bilbao, Universidad del País Vasco, 1993.
- CALVO, Tucho: *Valentín Paz-Andrade, A memoria do século*, Sada, Edicións do Castro, 1998.
- FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor: *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1982.
- GÓMEZ MOMPART, Josep L. e MARÍN OTTO, Enric: *Historia del periodismo universal*, Madrid, Editorial Síntesis, 1999.
- GONZÁLEZ MARTÍN, Xerardo: *Vigo no espello dos nosos avós*, Vigo, Xerais, 1991.
- PIÑEIRO, RAMÓN: «Presencia de Valentín Paz Andrade no galeguismo», en VV.AA.: *Paz Andrade. Homenaje. Academia Galega das Ciencias*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1991, p. 90.
- QUINTANA GARRIDO, X. R.: *Diario de empresa e xornalismo cívico: O Galicia. Diario de Vigo (1922-1926)*. Discurso de ingreso do membro don Xosé Ramón Quintana Garrido e resposta de don Xosé Francisco Armesto Faginas. Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2002.
- SANTOS GAYOSO, Enrique: *Historia de la prensa gallega, 1800-1986*, Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 1990.
- SEOANE, M.C. e SÁIZ, M. D.: *Historia del periodismo en España*. Madrid, Alianza Universidad, 1996.
- SOUTO GONZÁLEZ, X. M.: *Vigo. Cen anos de Historia urbana (1880-1980)*, Vigo, Edicións Xerais, 1990.
- TUÑÓN DE LARA: *Historia de España*, Valladolid, 1999.

VVAA.: *Homenaje a Paz Andrade*. Academia Galega das Ciencias, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1991.

VVAA.: *Galicia. Historia*, tomo VI, A Coruña, Hércules Ediciones, 1991.

VVAA.: *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 24, Santiago, 1974.